

24 de abril. Ás 20:00 h

Por min e polas miñas compañeiras.
Visibilidades e invisibilidades das escritoras en Galicia.

María Reimóndez

Tradutora e intérprete de profesión, o seu primeiro libro publicado é o poemario *Moda Galega* (Edicións Positivas, 2002). En 2003 recibiu o premio de novela *Mulleres Progresistas de Vigo* con *O Caderno de Bitácora* (Edicións Positivas 2004). Malia a esta incursión recente no panorama literario, María Reimóndez leva escribindo desde

que tiña 6 anos, recibiu premios durante a súa mocidade (*Rúa Nova*, *Minerva*), é autora de varias obras de teatro e participou en distintos recitais poéticos. En 2007 recibiu o Premio de Novela San Clemente con *O club da calceta*, narración que de seguida se adaptou para o teatro e que en breve será levada ao cinema.

Na actualidade colabora no xornal *A Nosa Terra* e *Vieiros*. Igualmente forma parte do grupo de investigación *Feminario de Investigación: Feminismos e Resistencias*

(Teorías e Prácticas) da Universidade de Vigo.

María Reimóndez é tamén fundadora e secretaria da ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA TRADUCIÓN E DA INTERPRETACIÓN.

Funda a ONG de Cooperación ao Desenvolvemento *IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO* que leva traballando na India desde o ano 1998 e desde 2003 en Etiopía en proxectos de desenvolvemento integral cun claro compromiso pola superación da discriminación de xénero como base do desenvolvemento perdurable.

8 de maio. Ás 20:00 h

A literatura que vén da rúa.

Elena Poniatowska

Xornalista e narradora, nace en París no ano 1933, filla dunha mexicana e dun nobre polaco. Na Segunda Guerra Mundial partiu coa súa nai cara México, mentres seu pai loitaba co exército francés e participaban o desembarco de Normandía. Doutora Honoris Causa polas Universidades de Sinaloa, Toluca, Columbia (Nova York), Florida (Miami) e pola Universidade Nacional Autónoma de México.

A súa carreira iniciouse no exercicio do periodismo, mais ten publicado unha obra moi ampla

que inclúe varios xéneros.

Entre os seus textos destacan as novelas *Hasta no verte Jesús mío* (1969), *Querido Diego, te abraza Quiela*, (1978), *La flor de Lis* (1988), *Tinísima* (1992) e *La piel del cielo* (2001); os ensaios *Todo empezó el domingo* (1963), *La noche de Tlatelolco* (1971), *Gaby Brimmer* (testimonio, 1979), *Fuerte es el silencio* (1980), *El último guajolote* (1982), *Ay vida, no me mereces!*, (1985), *Nada, nadie. Las voces del temblor* (1988), *Juchitán de las mujeres* (testimonio, 1989); as coleccións de contos: *Lilus Kikus* (1954), *De noche vienes* (1979), *Métase mi prieta entre el durmiente y el silbatazo* (1982) e os libros de entrevistas: *Palabras cruzadas*, *Era*, (1961), *Domingo 7* (1982), *Todo México* (1990) y *Todo México*, vol. II (1994).

Ten recibido múltiples premios entre os que destacan Premio Nacional de Periodismo (foi a primeira muller que recibiu esta distinción) (1978), Premio Mazatlán de Literatura, (1992) e, o máis recente, Premio Alfaguara de Novela 2001, por *La piel del cielo*.

Elena Poniatowska utiliza a súa literatura combativa e crítica para delatar luz sobre as desigualdades e inxustizas que se producen decote en México, de maneira sobranceira, ten dado voz en múltiples foros internacionais á causa das mulleres asasinadas e desaparecidas de Ciudad Juárez.

15 de maio. Ás 20:00 h

Transgresoras:

Do tabú á corrección política.

Marilar Aleixandre

Narradora, poeta, tradutora, Marilar Aleixandre usa o galego como lingua literaria e afirma que ten a lingua partida, pero que non todos os bichos con lingua bifida son perversos.

Profesora na Universidade de Santiago de Compostela, onde ensina Didáctica da Bioloxía e Educación Ambiental.

Algúns temas recorrentes nos seus libros son as tralazóns, sobre todo as tralazóns a un mesmo, a unha mesma e as tortuosas relacións familiares, na procura de traer para o protagonismo da escena literaria galega aqueles temas que por seren tabús socialmente aceptados non deixan de existiren e moldear a condición humana.

A súa obra de creación ficcional e de reflexión ensaística é moi rica, ademais de recoñecida polo público lector, infantil e adulto, e por premios de grande prestixio como o Premio da Crítica de Galicia (1995) con *A expedición do Pacífico*, Premio Álvaro Cunqueiro 1998 por *A Compañía Clandestina de Contrapublicidade* e neste mesmo ano Premio esquío de poesía en galego por

Catálogo de velenos, Premio Lazarillo de novela xuvenil en 1999 con A banda sen futuro, Premio Xerais en 2001 con A Teoría do Caos e máis recentemente a súa novela A Cabeza de Medusa foi gañadora do Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil 2008.

22 de maio. Ás 20:00 h

As mulleres e a literatura.
De onte a hoxe
Teresa Moure

Teresa Moure é doutora en Lingüística Xeral e exerce a docencia nas Facultades de Filosofía e Filoloxía da USC.

Na súa especialidade ten publicados máis dunha ducia de traballos onde salienta a responsabilidade ética do investigador, o temor ao colonialismo e á homoxeneización cultural dentro dunha decidida vocación anti-globalización. Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2004 con Outro idioma é posible: na procura dunha lingua para a humanidade onde reflexiona sobre os intentos de conseguir un idioma universal e sobre as vantaxes da biodiversidade lingüística. Meses despois aparece nas librarías o ensaio As palabras das fillas de Eva, onde dá corpo ao seu posicionamento sobre a cuestión feminista, situándose nunha

perspectiva reivindicadora da diferenza.

No ámbito da creación literaria de ficción, Teresa Moure é unha das máis importantes novelistas contemporáneas, con libros que se contan na súa práctica totalidade como éxitos de crítica, premios e público.

Gañadora do Premio Lueiro Rey de novela curta 2004 e mais do Premio Arcebispo San Clemente coa súa primeira novela A xeira das árbores (Sotelo Blanco, 2004), Premio Xerais de novela 2005, Premio da crítica española 2005, Premio Irmandade do libro á autora do ano e Premio Aelg 2006 de Narrativa por Herba moura (Xerais, 2005), obra traducida a cinco linguas europeas. En 2007 publicou a novela Benquerida catástrofe, e mais a novela breve A casa dos lucarios. En 2008 ofreceunos Eu tamén son fonte, un texto poético para unha historia fermosa sobre o amor, a vida, e a intimidade gozosa entre as nais e os seus fillos e fillas.

Recentemente, a súa estrea no xénero teatral coa peza Unha primavera para Aldara acaba de ser recoñecido nos Premios de teatro María Casares 2009, logo de ter sido Premio Rafael Dieste 2007.



Concello da Coruña
Concellaría de Cultura

asociación de escritores
en lingua galega

II Encontro Cidade da Coruña Mulleres na literatura

Real Academia Galega
(Rúa Tabernas, 11)



24 de abril
ás 20:00h.

Por min e por as minas compañeiras.
Visibilidades e invisibilidades
das escritoras en Galicia.
María Reimóndez

8 de maio
ás 20:00h.

A literatura
das mulleres.
Berta Piñeiro



15 de maio
ás 20:00h.

Tránsfereñas:
na física e
na comisión política
María Alexandre



22 de maio
ás 20:00h

As mulleres
e a literatura
de onte a hoxe
Teresa Moure



II Encontro Cidade da Coruña: Mulleres na literatura

Real Academia Galega (Rúa Tabernas, 11)